



GRUPO PROVINCIAL  
G-32014003  
bng@deputacionourense.es

Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, **PREGUNTA PARA RESPONSA ORAL NO PLENO**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A interventora da Deputación, no informe de fiscalización do consorcio de augas de Valdeorras, conclúe varias cuestións:

- 1.- Incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, producíndose unha situación de desequilibrio ou de déficit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.
- 2.- A Asemblea do Consorcio debería ter aprobado un Plan Económico – Financeiro de reequilibrio a vista do Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e situación de desequilibrio que presentaba este Consorcio de Augas no exercicio 2017, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 2/2012 de 27 de abril, no prazo de un mes desde que se coñeza a situación de desequilibrio, e deberá se aprobado no prazo máximo de dous meses.
- 3.- O Plan económico financeiro do exercicio anterior non foi aprobado incumpríndose esta obriga neste exercicio 2018.  
O orzamento do ano 2018 foi prorrogado polos créditos iniciais e non se procedeu a facela devandita modificación no orzamento de gastos por non estar no supostos contemplados nos artigos 162.6 do RD 2/2004 de 5 de marzo e no seu concordante RD 500/1990 no seu artigo 21.3.
- 4.- Incumpríronse as recomendacións feitas en base ás Liquidacións dos anos 2016 e 2017 por esta Intervención. En data 11 de xullo de 2017 xa se informaba da necesidade de aprobación dun Plan Económico- Financeiro e deixabase constancia da non confección do Plan Económico do exercicio anterior.

5.- Estamos diante dun incumprimento polo que se poden levar a cabo as Medidas coercitivas previstas polo artigo 25.1 da Lei 2/2012 de 27 de Abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira,


Por todo o anterior queremos **PREGUNTAR**:

Podía explicar a Presidencia cales son as razóns polas cales a liquidación do Consorcio arroxa este déficit?

Tendo en conta de que estamos a falar de un burato acumulado de máis de 600 mil euros no consorcio, o que na realidade supón unha situación de quebra técnica, ten decidido este grupo de goberno garantir a continuidade do mesmo, ou proceder a súa liquidación?

En caso de optar pola continuidade, cal vai ser a fórmula escollida para garantir esa viabilidade?

Ourense, 28 de marzo de 2019



Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez  
Deputado provincial do BNG

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**